



CURSO: 2023-2024	DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

1ºESO

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios para establecer a nota numérica en cada avaliación parcial trimestral:

- **As probas de avaliación contarán 70% da nota trimestral.** Levaranse a cabo dúas probas escritas en cada trimestre. Farase a media ponderada entre as cualificacións obtidas tendo en conta o tempo dedicado aos contidos correspondentes.
- **30% restante da nota trimestral establecerase a través de táboas de indicadores** (rúbricas, escalas de observación, etc.) analizando os seguintes aspectos:
 - Proxecto trimestral: 10%.
 - Traballo do alumnado relacionado co laboratorio (informes de prácticas, procedementos, etc): 5%.
 - Lecturas científicas: 5%. Valoraranse cuestionarios sobre as lecturas, resumos, ilustracións asociadas, lectura en voz alta e investigación do tema científico tratado na lectura.
 - Resolución de actividades e cuestión realizada sna aula ou propostas para casa: 5%.
 - Caderno de clase: 5%.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.

A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais (unha vez realizadas as probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación). Para o cálculo desta media terase en conta a nota con dous decimais acadado polo alumnado no trimestre correspondente.

Á hora de introducir as cualificacións no XADE, farase redondeo cara arriba a partir de 0,6 puntos nas avaliacións trimestrais e a partir de 0,5 puntos na avaliación final.



Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas. O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente para resolver dúbidas.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación, sorpréndese a un/unha estudante usando métodos ilícitos para o seu desenvolvemento, o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo no momento que o docente decida.
 - A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas, debe ser xustificada co documento oficial correspondente. De non haber xustificación documental, a cualificación será de 0.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, eses traballos non serán valorados.

Criterios de recuperación

Despois da 1ª e 2ª avaliación, o alumnado que non obteña cualificación positiva nunha avaliación trimestral deberá realizar unha proba escrita de recuperación. As probas escritas de recuperación terán un peso do 70% na nota trimestral.

Farase un especial seguimento do alumnado cunha evolución académica desfavorable, adoptando as medidas de apoio e reforzo que se consideren necesarias en calquera momento do curso, prestando especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Así, ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, aplicaráselle un plan de reforzo cun seguimento específico para motivalo e axudalo a recuperar as aprendizaxes non adquiridas. As medidas contempladas neste plan consistirán en: realización de probas de recuperación, atención preferente na aula dentro das sesións lectivas, proporcionar material de reforzo, adaptar os tempos e os instrumentos de avaliación (cando o profesorado o valore necesario) e ofrecer a posibilidade de tempo extra de resolución de dúbidas en períodos de lecer.

Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, poderá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, só poderá realizar unha proba global que abarcará todos os contidos da materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

PROXECTO COMPETENCIAL 1º ESO

Entre os procedementos de avaliación empregados na presente programación atópanse os seguintes:

PRIMEIRA AVALIACIÓN: presentación de documentos informativos coa recompilación da información solicitada polo docente.

SEGUNDA AVALIACIÓN: entrega dun traballo grupal co resultado das experiencias realizadas.

TERCEIRA AVALIACIÓN: presentación e exposición do proxecto grupal.

Como instrumentos de avaliación empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, organización, presentación oral, etc.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas e/ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto

2ºESO



3ºESO

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

En cada avaliación parcial trimestral teranse en conta os seguintes criterios para establecer a nota numérica:

- **Probas escritas: 80%**

- **Observación sistemática das actividades diarias do alumnado. Análise de produción do alumnado: 20%**

A continuación especificase o xeito de cualificación para os puntos mencionados:

- **Probas escritas:**

Levarase a cabo como mínimo unha proba escrita por avaliación e serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos.

As probas incluírán preguntas de desenvolvemento ou tipo test, imaxes ou ben supostos prácticos, relativos ao temario impartido en cada unidade didáctica.

Deberán ser realizadas en bolígrafo azul ou negro, e non se poderá utilizar ningún corrector. Calquera pregunta que sexa realizada sen cumprir estas consideracións será cualificada cun 0.

- **Observación sistemática das actividades diarias do alumnado. Análise da produción do alumnado:**

Resolución de actividades e cuestións na aula e no seu domicilio e probas orais que fan referencia ás diferentes preguntas realizadas polo profesorado na aula, e que versarán sobre os contidos que se están a impartir ou que foron impartidos previamente. (5%)

As respostas nas probas orais e as actividades realizadas cualificaranse coas seguintes notas: N/R (non realizada) - MAL- REGULAR- BEN e MOI BEN. Á hora de cuantificalas empregaremos a seguinte táboa de valores: N/R- equivale a 0 - MAL- equivale a 1/3- REGULAR- equivale a 5/6 BEN- a 7/8 MOI BEN- a 9/10

O profesorado fará as apreciacións oportunas en clase para que o alumnado saiba o porqué da súa cualificación obtida na resposta. Finalmente, computaranse todas as notas de cada alumno e procederase a facer a media numérica correspondente.

Traballos escritos, e de ser o caso, exposición dos traballos propostos e proxectos de investigación. (10%)



O alumnado debe entregar o traballo na data límite que se indicará cunha semana de antelación como mínimo, aquel que non o entregue en tempo obterá unha nota de 0 neste apartado. O traballo entregado será avaliado cunha nota entre 0 e 10 seguindo os seguintes criterios:

- Presentación e organización correctas: ata 2,5 puntos
- Desenvolvemento de todos puntos especificados polo profesorado: ata 2,5 puntos
- Calidade do traballo: ata 5 puntos. No suposto de que se esixa exposición oral, este ítem será valorado ata 2,5 puntos, reducindo o peso da calidade do traballo ao mesmo valor.

Dita baremación poderá sufrir lixeiras variacións dependendo das modificacións que poidan xurdir en canto á solicitude de produción do alumnado en cada trimestre.

Informes de laboratorio. (5%)

Os informes de laboratorio serán entregados en prazo, de non facelo acadará un 0 nesa práctica. Valorarase a correcta presentación e as respostas das cuestións que figurarán no mesmo.

Cálculo da nota final da avaliación:

A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores.

Á hora de introducir as cualificacións no XADE, farase redondeo cara arriba a partir de 0,6 puntos nas avaliacións trimestrais e a partir de 0,5 puntos na avaliación final.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, segundo as porcentaxes de valoración indicadas.

Despois de cada avaliación farase unha proba escrita de recuperación para o alumnado que non obteña cualificación positiva. Estas probas terán o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas anteriores, é dicir, 80%.

Nota final da materia:

Unha vez feita a 3ª avaliación e, de ser o caso, a súa recuperación:

O alumnado que acade unha media final (1ª, 2ª e 3ª avaliacións) de 5 ou máis terá superada a materia. A nota final calcularase como a media aritmética das tres avaliacións tendo en conta ata as centésimas e redondeando á alza.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas do traballo ou proxecto de investigación, debe ser xustificada mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial. A falta inxustificada a unha proba escrita, fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do traballo ou proxecto de investigación nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0 nesa avaliación.



O profesorado resérvase o dereito de considerar non válido e polo tanto otorgar a calificación de suspenso a calquera exame no que o alumnado utilizase materiais ou métodos ilícitos para o seu desenvolvemento. Se fora o caso, o alumnado poderá repetir dito exame no prazo de 24 horas co profesorado do departamento cos contidos establecidos para dito exame ou anularíase a pregunta de dito exame.

Do mesmo xeito, se dous alumnos/as presentan un traballo escrito con evidencias claras de telo copiado, será anulado.

Criteria de recuperación

De non acadar o 5 deberán presentarse á convocatoria final:

- No caso de ter unha única avaliación suspensa realizarase unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente.
- De ter máis de unha avaliación suspensa o alumnado deberá examinarse de toda a materia do curso.

A cualificación das probas suporá o 100% da cualificación correspondente á parte examinada.

4ºESO

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos por parte do alumnado. En cada trimestre realizarase, como mínimo, unha proba escrita sobre os contidos específicos asociados aos criterios de avaliación correspondentes.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Probas escritas: a media das notas obtidas nas probas escritas realizadas en cada trimestre representará o **70%** da nota do trimestre correspondente. Cada proba escrita será avaliada cunha nota numérica nunha escala do 1 ao 10. As probas escritas incluírán distintos tipos de cuestións relativas aos contidos impartidos en clase: preguntas de desenvolvemento, interpretación de imaxes, realización de esquemas, preguntas tipo test, preguntas de resposta curta, resolución de exercicios e casos prácticos, etc. No caso de que algún alumno/a empregue métodos ilícitos para a realización dunha proba escrita, o docente retiralle a proba, que poderá ser repetida polo alumno/a segundo os criterios e prazos establecidos polo docente.

Táboa de indicadores: a axeitada realización das diferentes actividades propostas na aula (exercicios prácticos, informes de prácticas, traballos, proxecto de investigación, exposicións orais, etc.) suporá ata o **30% da nota de cada trimestre**. A corrección das entregas será realizada empregando diferentes escalas e instrumentos de avaliación (rúbrica, lista de cotexo, observación sistemática, corrección directa, etc.) en función da tipoloxía da tarefa. En xeral, serán avaliados aspectos relacionados cos



seguintes criterios: presentación, limpeza, organización, inclusión dos apartados correspondentes, calidade da información, calidade de redacción, ortografía, emprego de vocabulario científico-técnico, inclusión de figuras, calidade da expresión oral, etc. As entregas deberán ser realizadas polo alumnado dentro dos prazos establecidos polo docente, que serán dispostos coa suficiente antelación en función da tipoloxía da tarefa. Non se admitirá, salvo causa debidamente xustificada, a entrega de ningunha tarefa fóra do prazo establecido, obtendo dita entrega unha cualificación de 0. No caso de que algún alumno/a empregue método ilícitos para a realización dalgunha tarefa (plaxio, emprego de ferramentas de intelixencia artificial non autorizadas, etc.), dita tarefa obterá unha cualificación de 0. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A nota final de cada trimestre será calculada realizando a suma das cualificacións dos dous apartados anteriores (probas escritas e táboa de indicadores). O redondeo á alza realizarase a partir da sexta décima ($>0,6$). Un trimestre considérase superado cando se acada unha puntuación igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10. O alumnado que non supere un trimestre poderá realizar unha proba de recuperación do trimestre correspondente, que terá o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas nomeadas anteriormente (70%).

A nota final da materia será calculada a partir da media ponderada das tres notas trimestrais tendo en conta os diferentes pesos na cualificación das respectivas unidades didácticas, considerando ata as centésimas (2 decimais). O redondeo á alza realizarase a partir da quinta décima ($>0,5$). A materia considérase superada cando se acada unha puntuación igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10. O alumnado que non supere a materia terá que realizar unha proba escrita de recuperación de acordo ao establecido nos criterios de recuperación.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas dos traballos ou proxectos de investigación, debe ser xustificada mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial. A falta inxustificada a unha proba escrita fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición inxustificada dos traballos ou proxectos de investigación nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0. O alumnado que teña unha única avaliación suspensa a final de curso poderá realizar unha proba escrita adicional de recuperación da avaliación correspondente.

Criterios de recuperación

O alumnado que teña unha única avaliación suspensa a final de curso poderá realizar unha proba escrita adicional de recuperación da avaliación correspondente

O alumnado que non aprobase a materia na convocatoria ordinaria terá que examinarse de toda a materia na convocatoria extraordinaria. A cualificación da proba suporá o 100% da cualificación.



1ºBACHARELATO

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos por parte do alumnado. En cada trimestre realizarase, como mínimo, **unha proba escrita sobre os contidos específicos asociados aos criterios de avaliación correspondentes.**

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Probas escritas: a media das notas obtidas nas probas escritas realizadas en cada trimestre representará o 80% da nota do trimestre correspondente. Cada proba escrita será avaliada cunha nota numérica nunha escala do 1 ao 10. As probas escritas incluírán distintos tipos de cuestións relativas aos contidos impartidos en clase: preguntas de desenvolvemento, interpretación de imaxes, realización de esquemas, preguntas tipo test, preguntas de resposta curta, resolución de exercicios e casos prácticos, etc. No caso de que algún alumno/a empregue métodos ilícitos para a realización dunha proba escrita, o docente retiralle a proba, que poderá ser repetida polo alumno/a segundo os criterios e prazos establecidos polo docente.

Táboa de indicadores: a realización das diferentes actividades propostas na aula (exercicios prácticos, informes de prácticas, traballos, proxecto de investigación, exposicións orais, etc.) **suporán ata o 20%** da nota de cada trimestre. A corrección das entregas será realizada empregando diferentes escalas e instrumentos de avaliación (rúbrica, lista de cotexo, observación sistemática, corrección directa, etc.) en función da tipoloxía da tarefa. En xeral, serán avaliados aspectos relacionados cos seguintes criterios: presentación, limpeza, organización, inclusión dos apartados correspondentes, calidade da información, calidade de redacción, ortografía, emprego de vocabulario científico-técnico, inclusión de figuras, calidade da expresión oral, etc. As entregas deberán ser realizadas polo alumnado dentro dos prazos establecidos polo docente, que serán dispostos coa suficiente antelación en función da tipoloxía da tarefa. Non se admitirá, salvo causa debidamente xustificada, a entrega de ningunha tarefa fóra do prazo establecido, obtendo dita entrega unha cualificación de 0. No caso de que algún alumno/a empregue método ilícitos para a realización dalgunha tarefa (plaxio, emprego de ferramentas de intelixencia artificial non autorizadas, etc.), dita tarefa obterá unha cualificación de 0. As producións do alumnado serán refrendadas por un rexistro levado a cabo polo docente.

A nota final de cada trimestre será calculada realizando a suma das cualificacións dos dous apartados anteriores (probas escritas e táboa de indicadores). O redondeo á alza realizarase a partir da sexta décima (>0,6). Un trimestre considérase superado cando se acada unha puntuación igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10. O alumnado que non supere un trimestre poderá realizar unha proba de recuperación do trimestre correspondente, que terá o mesmo peso na nota trimestral que as probas escritas nomeadas anteriormente (80%).

A nota final da materia será calculada a partir da media ponderada das tres notas trimestrais tendo en conta os respectivos pesos na cualificación das diferentes unidades didácticas, considerando ata as



centésimas (2 decimais). O redondeo á alza realizarase a partir da quinta décima (>0,5).

A materia considérase superada cando se acada unha puntuación igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10. O alumnado que non supere a materia terá que realizar unha proba escrita de recuperación de acordo ao establecido nos criterios de recuperación.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas dos traballos ou proxectos de investigación, debe ser xustificada mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial. A falta inxustificada a unha proba escrita fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición inxustificada dos traballos ou proxectos de investigación nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0.

O alumnado terá a opción de mellorar a través de material de apoio, reforzo, recuperación e ampliación que lle será suministrado para realizar no intervalo que abrangue entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Realizaranse actividades sobre os contidos básicos impartidos ao longo do curso.

Criterios de recuperación

O alumnado que teña unha única avaliación suspensa a final de curso poderá realizar unha proba escrita adicional de recuperación da avaliación correspondente.

O alumnado que non aprobase a materia na convocatoria ordinaria terá que examinarse de toda a materia na convocatoria extraordinaria. A cualificación da proba suporá o 100% da cualificación

2ºBACHARELATO

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

A nota numérica trimestral será calculada tendo en conta os seguintes criterios e cos puntos e valores de ponderación seguintes :

- Probas escritas: 90%

- Observación sistemática das actividades diarias do alumnado. Análise de produción do alumnado: 10%

A continuación especificase o xeito de cualificación para os puntos mencionados:

- Probas escritas:

Realizaranse alomenos dúas probas por cada bloque de contidos (bioquímica, citoloxía, fisioloxía celular, xenética, microbioloxía e inmunoloxía). En cada unha das probas entrará toda a materia explicada ata o momento da mesma.

Si algún estudante non asiste a unha proba poderá facela outro día sempre e cando dita falta de asistencia esté xustificada mediante documento oficial.

Deberán ser realizadas en bolígrafo azul ou negro, e non se poderá utilizar ningún corrector. Calquera pregunta que sexa realizada sen cumprir estas consideracións será cualificada cun 0.

- Observación sistemática das actividades diarias do alumnado. Análise da produción do alumnado:

Traballo realizado polo alumno/a na clase, no seu domicilio, resolución de cuestións e actividades referentes ás unidades didácticas, prácticas de laboratorio, exposición de traballos propostos e proxectos de investigación.

Terase en conta: entrega puntual e adecuada de tarefas e traballos e exposición de temas.

Cálculo da nota final da avaliación

O cálculo da nota de cada avaliación realizarase a partir da media aritmética dos exames realizados (calificados de 0 a 10) e suporá o 90% da nota da avaliación.

Para aqueles alumnos/as que non teñan aprobada unha avaliación realizarase un exame de recuperación. Si algún estudante non asiste a proba de recuperación poderá facela outro día sempre e cando dita falta esté xustificada mediante documento oficial.

No caso de que a nota acade o decimal 0,6 o redondeo, será o número enteiro seguinte

Nota final da materia

Os alumnos/as que non aprobasen a materia na convocatoria ordinaria de maio, terán que examinarse de toda a materia na convocatoria extraordinaria de xuño.

A cualificación da proba extraordinaria de xuño suporá o 100% da cualificación outorgada na avaliación.

O profesorado resérvase o dereito de considerar non válido e polo tanto otorgar a calificación de suspenso a calquera exame no que o alumnado utilizase materiais ou métodos ilícitos pra o seu desenvolvemento. Se fora o caso, o alumnado poderá repetir dito exame no prazo de 24 horas co profesorado do departamento cos contidos establecidos para dito exame.

Do mesmo xeito, se dous alumnos/as presentan un traballo escrito con evidencias claras de telo



copiado, será anulado.

1º CICLO MEDIO

2º CICLO MEDIO